

**Ordenanza fiscal nº 15 – Taxa de depuración de augas residuais**

**Artigo 1.- Feito imponible<sup>1</sup>**

O feito imponible da taxa está constituído pola prestación do servizo de recepción obrigatoria de depuración de augas residuais, realizado pola Sociedade EDAR BENS, S.A., como medio propio municipal, segundo acordo plenario de data 25 de abril de 2013.

**Artigo 2.- Suxeito pasivo**

1. Son suxeitos pasivos en concepto de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias que sexan beneficiarios e usuarios do servizo, presumíndose que ostenta tal condición quen conste como titular a efectos do servizo de abastecemento de auga.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario do inmovible.

**Artigo 3.- Cota Tributaria<sup>2</sup>**

A cota tributaria determinarase mediante a suma dunha cantidade variable, resultante de multiplicar os m<sup>3</sup> de auga consumida e facturada pola cuota que corresponda de acordo co cadro que se achega, e unha cantidade fixa, por dispoñibilidade do servizo:

COMPOÑENTE VARIABLE	
Consumos uso doméstico:	Cuota
Sen consumo	0,00 €/m <sup>3</sup>
Bloque 1 (0 < Q ≤ 6m <sup>3</sup> /mes)	0,28 €/m <sup>3</sup>
Bloque 2 (6 < Q ≤ 15m <sup>3</sup> /mes)	0,28 €/m <sup>3</sup>
Bloque 3 (Q > 15m <sup>3</sup> /mes)	0,28 €/m <sup>3</sup>
Consumo uso non doméstico:	Cuota
Asimilable a doméstico	0,28 €/m <sup>3</sup>
Non doméstico	0,35 €/m <sup>3</sup>
COMPOÑENTE FIXO	
Usuarios domésticos:	0,50 €/mes
Usuarios non domésticos:	0,50 €/mes

A estes efectos, entenderase por uso doméstico, non doméstico e asimilable a doméstico o definido para tales conceptos polo artigo 2 da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

**Artigo 4.- Devengo**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. O período impositivo coincide co trimestre natural. O devengo prodúcese o primeiro día do período impositivo salvo nos caso de alta no servizo en que o devengo se produce no momento en que se inicie a prestación do servizo. Enténdese iniciada a prestación do servizo cando se conceda a licenza de enganche á rede de saneamento ou desde que teña lugar o enganche á rede, aínda que non se obtivese a licenza e sen prexuízo do inicio do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

**Artigo 5.- Xestión<sup>3</sup>**

O cobramento das cotas realizarase en liquidacións trimestrais, conxuntamente co da taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga, sen que sexa necesaria a notificación das cotas sucesivas que se deriven da declaración de alta, sen prexuízo da remisión do recibo correspondente cos detalles da facturación.

<sup>1</sup> Artigo modificado mediante acordo plenario de 29 de setembro de 2016. Publicado no BOP num 225, de 28/11/2016

<sup>2</sup> Artigo modificado mediante acordo plenario de 29 de setembro de 2016. Publicado no BOP num 225, de 28/11/2016

<sup>3</sup> Artigo modificado mediante acordo plenario de 29 de setembro de 2016. Publicado no BOP num 225, de 28/11/2016

O censo de contribuíntes do primeiro trimestre aprobarase e exporase ao público para reclamacións dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico servindo como notificación colectiva dos vencementos do exercicio.

A explotación do servizo de depuración de augas residuais está encomendada á sociedade EDAR BENS S.A., como medio propio municipal. En virtude da potestade tarifaria do Concello e ao tratarse EDAR BENS S.A. dunha sociedade mercantil sometida ao réxime de dereito privado, a mesma percibirá, en concepto de prezo ou contraprestación do servizo que presta, as tarifas relativas aos servizos sinalados no artigo 3.º desta Ordenanza.

## **Artigo 6.- Bonificacións<sup>4</sup>**

### **6.1. Familias numerosas.**

6.1.1. As familias numerosas de categoría especial terán unha bonificación na taxa do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m<sup>3</sup>.

As familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación na taxa do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m<sup>3</sup>.

6.1.2. A bonificación só será aplicable á vivenda habitual do contribuínte.

6.1.3. Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do comezo do período impositivo en que se pretenda que comece a mesma. No caso de alta no servizo, a solicitude de bonificación presentarse conxuntamente coa solicitude de alta. Coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada de título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- b) Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita bonificación.

**6.2. Modulación da cuantía en función da capacidade económica.** Os cidadáns que se atopen en risco de exclusión, terán unha bonificación coas seguintes especificacións:

- Aqueles suxeitos pasivos da taxa integrantes dunha unidade familiar na que todos os seus membros se atopen en situación de desemprego e non perciban ningún tipo de prestación, subsidio, prestación non contributiva ou axuda familiar do INEM, terán dereito a unha bonificación do 100% sobre o consumo de 150 litros ao día por cada persoa que resida na vivenda.
- Aqueles suxeitos pasivos da taxa que sexan beneficiarios do RISGA, terán dereito a unha bonificación do 50% sobre o consumo de 150 litros ao día por cada persoa que resida na vivenda.
- A acreditación de risco de exclusión realizarase mediante informe dos servizos sociais municipais, de acordo cos criterios establecidos no regulamento de acceso as prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social, aprobado en sesión plenaria celebrada o 29 de agosto de 2013 e publicado no BOP 242 de 20 de decembro de 2013.
- A bonificación só será aplicable á vivenda habitual do contribuínte.
- Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos, pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do comezo do período impositivo en que se pretenda que comece a mesma. No caso de alta no servizo, a solicitude de bonificación presentarse conxuntamente coa solicitude de alta. Coa mesma deberá achegarse a documentación requirida no mencionada regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais. No caso de que teñan concedida unha bonificación deste tipo para a taxa por distribución de auga, non necesitarán presentar a documentación que xa obre en poder da Administración para a solicitude de aquela.
- A bonificación concedida terá efectos durante o ano natural no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos anos sucesivos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención. As prórrogas deberán ser solicitadas antes do 1 de xaneiro de ano para o que se solicite a bonificación.

### **Disposición final**

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 18/12/2013, quedou definitivamente aprobada en data 03/02/2014 e rexeirá dende o día 11/02/2014 e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

<sup>4</sup> Artigo modificado mediante acordo plenario de 29 de setembro de 2016. Publicado no BOP num 225, de 28/11/2016, engadindo un apartado denominado 6.2, denominado modulación da cuantía en función da capacidade económica e pasando a redacción anterior a englobarse nun apartado denominado 6.1. Bonificación a familias numerosas